


Alta de solicitudes de kits informáticos

Fenda Dixital

Alumnado desprazado polo conflito en Ucraína

<https://www.edu.xunta.gal/protocoloseducativos/>



Versión 25/03/2022

O usuario poderá realizar una nova solicitude premendo no botón **Crear** da pantalla de listaxe das solicitudes.

Ó premer no botón **Crear** o usuario accederá a pantalla de creación de solicitudes de kits informáticos.



Figura 1: Pantalla de creación de solicitudes de kits informáticos

Ao acceder a listaxe de alumnado aparecerá baleira, e mediante o botón **Engadir** o usuario terá acceso a pantalla onde poderá seleccionar a tódolos alumnos/as para os que vai solicitar kits.



Figura 2: Pantalla de selección de alumnado para solicitudes de kits informáticos

Nesta pantalla o usuario poderá realizar búsquedas indicando os filtros desexados. Unha vez localizados o alumnado desexado o usuario poderá seleccionalos facendo uso do check do listado e premendo no botón **Seleccionar**. Volverá a pantalla de creación das solicitudes e aparecerán os alumnos seleccionados na mesma.

Alumnado

Nome alumno	Curso	Grupo	Recursos solicitados *	Motivo *	Data estimada devolución *	Opcións
A	3º Educación primaria	3º Pri - C	<input checked="" type="checkbox"/> Kit conexión <input checked="" type="checkbox"/> Ordenador	Outros	30/06/2022	
A	4º Educación infantil	4º Inf. - A	<input checked="" type="checkbox"/> Kit conexión <input checked="" type="checkbox"/> Ordenador	Seleccione motivo Seleccione motivo Motivo Confinamiento Outros Teledocencia		

Engadir

Solicitar Kits Volver

Figura 3: Pantalla de creación de solicitudes de kits informáticos

Para crear as novas solicitudes é necesario indicar os recursos solicitados para cada alumno, para iso o usuario deberá seleccionar os recursos desexados facendo uso dos checks de cada liña da columna de **Recursos solicitados**. No caso de non ter seleccionados recursos nalgũa das solicitudes ao intentar solicitar os kits a aplicación amosará o seguinte aviso:

Recursos

Debe seleccionar a lo menos un recurso de cada solicitud

Figura 4: Aviso de solicitud sen recursos seleccionados

Coma no caso dos recursos, o motivo da solicitud ten que ter seleccionado un motivo. Os distintos motivos polos que se pode solicitar o préstamo dos recursos son Confinamiento, Outros e Teledocencia.


No caso de alumnado desprazado polo conflito en Ucraína deberá seleccionar "Outros". No caso de non indicar o motivo, ao intentar crear as solicitudes a aplicación amosará o seguinte aviso:

Causa solicitud

O motivo da solicitud de préstamo non pode estar baleira

Figura 5: Aviso de solicitud sen motivo

Do mesmo xeito é obrigatorio cubrir a data estimada de devolución dos recursos, polo que o usuario terá que cubrir os campos de cada liña da columna **Data estimada devolución**. A data que propoña o usuario ten que ser posterior a data actual. **No caso de alumnado desprazado polo conflito de Ucraína marque como data estimada o final de curso**. No caso de non ter indicado a data estimada de devolución, se o usuario intenta solicitar os kits a aplicación amosará o seguinte aviso:



O usuario poderá eliminar un alumno premendo a icona da papeleira da listaxe. Así mesmo poderá premer no botón **Engadir** para volver a listaxe do alumnado e seleccionar novamente os alumnos que desexe.

Unha vez que o usuario xa teña a selección dos alumnos e cubertos os datos da pantalla premendo no botón **Solicitar Kits** xerará unha nova solicitude por cada alumno achegado. A aplicación devolverá ó usuario a pantalla de listaxe de solicitudes.

No caso no que as solicitudes correspondan a un centro que requira unha dobre validación (ver apartado 3.2.7. Centro dobre validación) a aplicación enviaralle un correo electrónico a cada un dos inspectores con acceso ao centro indicándolles a creación destas solicitudes.